

EDITORIAL: Un Traballo Digno, é posible?

Vanessa Garcia-Ciudad Young (Xoven Médico de Familia MFeC)

Diego Terceiro López (Xoven Médico de Familia MFeC)

Despois de 6 anos de carreira, 1 de MIR e 4 de especialidade chega o momento de voar sós, uns a Primaria, outros a Urgencias extrahospitalarias e outros a Urgencias hospitalarias, ademais do 061, como noutros anos fixérono outras promocións.

Nesta época que nos tocou vivir dise por activa e por pasiva que unha das especialidades máis carentes é a de Medicina Familiar e Comunitaria, que precisamos formar máis médicos especialistas para evitar nun futuro que o sistema teña tal carencia que sexa insostible a Atención Primaria da saúde. Esta idea é reiterada dende todo tipo de medios de comunicación e tamén é unha idea que se lle fai ver a tódolos que comezan estudos de Medicina e a etapa MIR. Sen embargo, no mes de xuño atopámonos na casa preguntándonos cara onde vai o meu futuro, traballarei ou serei unha persoa máis que englose as listas do paro.

A iso non podemos contestar, o que si podemos dicir é que, en xeral, moitos dos Xoves Médicos de Familia están consultando en prazas de pediatría, traballando algún día á semana sen continuidade, emigrando a outras comunidades autónomas onde as condicións de traballo son mellores ou buscando outras alternativas laborais.

Ante esta situación tan variopinta e, cunha dificultade pola falta de probable continuidade laboral, a pregunta que podemos facer é ¿é posible manter o desenrolo profesional que iniciamos como residentes na etapa de Xoven Médico de Familia nestes momentos? ¿Caeremos nunha espiral de fatalismo e apatía que pode frear a nosa aportación ó sistema sanitario de saúde como recambio xeracional que somos? ¿Será posible conciliar a vida laboral e persoal?

Os tempos cambiaron, non cabe dúbida que estamos a vivir tempos complexos para a sanidade. Nestes momentos, un non pode programar un futuro a medio e longo prazo, porque a golpe de teléfono ás 8:10 da mañá xúrdeche a única substitución que che ofrecerán en 15 días... Mais coa idade que temos debemos alzar a voz de forma clara para facer ver que a presenza dunha Atención Primaria forte dentro do Sistema Público é esencial para unha mellor atención ó paciente (de forma integral) e intentar reducir a "hospitalite" na que se está mergullando o sistema sanitario actual, situación que non mellora para nada os resultados da atención sanitaria nunha poboación cada vez máis envellecida. E para iso as

promocións de Médicos Xoves de Medicina Familiar e Comunitaria reivindicamos a necesidade de apostar por unha atención primaria da saúde na cal somos un pilar esencial, tanto pola nosa formación como pola necesidade de renovación xeracional.

Non obstante, sempre existen ousados que buscan outras alternativas para este momento hostil, como poden ser a Medicina Privada (consulta propia, clínicas privadas, Mutuas), 061, Unidades de Hospitalización a Domicilio ou Paliativos, Residencias da Terceira Idade, Técnico de Saúde, Unidades de Planificación Familiar, Centro de Transfusión ou xa algunhas menos coñecidas como médico da Garda Civil, Médico militar, Médico en barcos, de Hotel, de Aeroporto, en plantas petrolíferas, centro penitenciarios, ferroviario ou na Cruz Vermella ou outras organizacións non gubernamentais. Ou incluso irse cara o estranxeiro na búsqueda do que aquí non atopamos; pero en varios destes casos a pregunta é ¿non estivemos tirando cartos dos contribuintes formando a persoal do que logo obteñen o seu potencial outros? ¿O persoal que formamos é o que realmente precisamos para cubrir as carencias do noso sistema sanitario?

En fin, ó rematar temos moitas preguntas na cabeza, unha das cales ¿seremos realmente a xeración perdida de xoves segundo rezan eslogans cada vez máis alto? nos debe facer pórnos en pé e decididamente loitar contra as adversidades do noso entorno e, como futuro que somos, berrar alto na defensa da Atención Primaria da Saúde para que ninguén se olvide que somos a base do sistema, sen a cal todo pode derrumbarse.